

ALVARELLOS EDITORA LANZA AO MERCADO UNHA EDICIÓN ESPECIAL DO LIBRO PREMIADO CON DOUS 'GOURMAND'

- O volume *45 recetas con ortigas*, do chef ourensán Martín Álvarez, foi recoñecido este ano como “Mellor monográfico en español” e obtivo a “Mención de Honra” en Pekín na fase mundial dos prestixiosos premios Gourmand.

Alvarellos Editora acaba de sacar á venda unha edición especial do libro *45 recetas con ortigas*, a obra do chef ourensán Martín Álvarez coa que a editorial abriu a súa Colección A Lume Lento e que recibiu dous premios Gourmand, os equivalentes aos Óscar internacionais dos libros gastronómicos.

Esta obra foi recoñecida este ano como “Mellor Monográfico en español” de todos os publicados en 2006 e recibiu, na fase mundial dos premios Gourmand, celebrada o pasado día 7 de abril, a “Mención de Honra” do xurado internacional, o que equivale a unha Medalla de Prata a nivel mundial.

Agora, Alvarellos Editora, lanza ao mercado unha edición especial, conmemorativa, de *45 recetas con ortigas*, a proposta máis imaxinativa da “Nova cociña galega” que está a causar sensación pola súa orixinalidade. Trátase do único receptorio completo de estrugas existente na península ibérica.

NOVOS TÍTULOS DE GASTRONOMÍA

A Colección A Lume Lento continuará tras o verán coa publicación de dous novos títulos:

Dunha parte, *50 recetas con filloas*, unha das preparacións máis xenuínas da nosa gastronomía presentada agora como ingrediente apto para todo tipo de platos. O libro foi elaborado por un grupo de cociñeiros e restauradores baseándose na tradicional preparación das filloas á pedra do municipio coruñés da Baña.

Por outra banda, *50 recetas con castañas*, obra do Técnico Superior de Restauración, Xavier Barreiro.

Estas dúas publicacións serán pioneiras no seu xénero, pois trátase en ambos casos dos receptorios máis completos sobre estes dous produtos publicados ata agora en España.

